



Ampliación da OPE para profesorado técnico de FP

INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA CONSELLARÍA SOBRE O PROFESORADO DO CORPO DE PTFP

Persoal funcionario de carreira PTFP: 1.395

- 404 con titulación de grao ou equivalente no acceso á función pública (licenciatura, enxeñería ou arquitectura).
- 991 sen titulación de grao ou equivalente no acceso á función pública (inclúe titulacións de diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos superiores de FP).

Persoal funcionario interino PTFP: 828

- 376 con titulación de grao ou equivalente no acceso á función pública.
- 452 sen titulación de grao ou equivalente no acceso á función pública.

A consellaría indica que os datos do persoal interino son 100% seguros ao se tirar dos datos de titulación que presentan nas oposicións.

A CIG-Ensino considera que a actuación dos dous gobernos, español e galego, está a provocar un conflito do que acaba sendo refén o profesorado que non se poderá incorporar ao corpo de PES desde o corpo de PTFP, declarado a extinguir na LOMLOE, pendente de aprobar en datas próximas no Senado.

Chama poderosamente a atención que o conselleiro de Educación tivese posicionamentos públicos seguindo a vergoñenta campaña partidista trazada desde a rúa

Xénova, ben sexa para falar da farsa montada sobre o castelán como lingua vehicular ou sobre como actuar para non aplicar a Lei en Galiza. Porén, o conselleiro non atopou aínda un minuto para pronunciarse e moverse para buscar unha solución á situación na que quedará o profesorado que se declarará a extinguir no corpo PTFP, e no que respecta ao tema desta Mesa, co persoal interino. Que vai facer a Consellaría? Que pensa sobre a integración con titulación de FP?

Estamos de acordo coa integración do corpo de PTFP no corpo de PES mais non cun procedemento que exclúe a un colectivo importante de docentes de FP

Que pensa sobre a modalidade de contratación laboral como profesorado especialista de quen teña titulación de FP? Diso nada se sabe por boca do conselleiro.

A **CIG-Ensino**, en liña coa súa defensa histórica dun corpo único docente, **está de acordo coa integración do corpo de PTFP no corpo de PES mais non comparte un procedemento que exclúe a un colectivo importante de docentes de FP**. En primeiro lugar, e á espera de como se desenvolvan as titulacións equivalentes ao Grao no acceso a función pública, estarían excluídos da integración quen teña unha titulación de FP de Grao Superior.

Unha discriminación que afecta a docentes de todas as especialidades de PTFP:

- ☒ Docentes que no seu día aprobaron as oposicións en especialidades ás que posteriormente só se puido acceder con titulación universitaria e que serían declarados a extinguir. Non se poderían integrar no corpo de PES.
- ☒ Docentes que poderían obter o Grao ou titulación equivalente nos próximos anos e que non lle serviría de nada porque a integración péchase para quen ten a titulación no momento de entrada en vigor da Lei. O feito de que a introdución da emenda que dá lugar a esta situación non fose previamente obxecto de negociación sindical e só aparece no Boletín Oficial das Cortes Xerais (Congreso) no mes de outubro, non axuda en nada nun proceso que deixa a moita xente tirada e na vía morta.
- ☒ Docentes das dez especialidades ás que se pode a día de hoxe acceder con titulación de FP e cun curso

equivalente ao Mestrado de profesorado. Ao figurar no texto da LOMLOE que a titulación será de Grao ou equivalente quedarían a extinguir. No caso de ser persoal interino non poderían presentarse a futuras oposicións e só poderían ter contratos laborais, levando a este persoal mais tamén ás propias especialidades a unha vía morta, cun desprezo absoluto por profesionais cunha titulación de FP que até o momento non só non presentaba ningún problema senón que mesmo era potenciada polas diferentes administracións.

- ☒ Persoas con titulación de FP que actualmente están a cursar a formación equivalente ao mestrado de profesorado ou que poderían facelo no futuro (actual alumnado de CS de FP) a quen se lle pecha unha saída profesional na docencia da FP. É unha vergoña que a orde que regula a posibilidade desta formación e que levou a centos de persoas a cursar estes cursos sexa relativamente recente e que agora se queira tirar pola borda o traballo e esforzo formativo destas persoas.

A proposta da Consellaría de Educación de ampliar en 240 prazas a OPE do 2020 pode entenderse como unha saída a un problema creado pola exclusión de determinadas titulacións para acceder ao corpo de PES. Mais ten tamén uns efectos colaterais preocupantes e presenta unha serie de dúbidas:

- ☒ Demóstrase unha vez máis a importancia de superar o actual

acordo de persoal interino apoiado por outras organizacións sindicais e a Consellaría. Ao non existir unha **cláusula de estabilidade**, quen non supere estas oposicións en calquera das especialidades convocadas vai ter pechada ou moi limitada a posibilidade de traballar no futuro. Falamos nalgúns casos de persoal que leva até 15 ou 20 anos traballando e que neste tempo ou non tivo oposicións ou só se lle convocaron unha ou dúas veces. Nalgún caso, quedaron prazas desertas. Estamos, por tanto, en casos flagrantes de fraude na contratación que se solventarían sen sanción para a administración que abusou da contratación temporal e sen ningún tipo de proceso real de consolidación para quen ocupou estas prazas.




A Consellaría non se moveu para provocar unha reunión co Ministerio de Educación. Deberían ser as diferentes CC.AA. as que forzasen unha reunión da Conferencia Sectorial de Educación antes da aprobación da LOMLOE para poder fixar cales van ser os criterios do proceso de integración. Por exemplo, se a proposta do MEFP vai ser que a titulación de diplomatura ou de enxeñaría técnica sexa equivalente ao Grao para acceder á función pública docente, non se entenderían as présas para ampliar as prazas naquelas especialidades nas que xa a día de hoxe só se pode acceder, como mínimo, con esa titulación.



Aínda que todo parece indicar que a proposta do Goberno español vai na liña de declarar a extinguir ás

persoas con titulación de FP, a Xunta, se é que realmente comparte o criterio de non discriminación da CIG-Ensino, debería promover canto antes, no marco da Conferencia Sectorial, que todo o profesorado de PTFP, teña a titulación que teña, se integre no corpo de PES. Porque se o obxectivo é recoñecer os mesmos dereitos a quen realiza o mesmo traballo, ninguén pode quedar atrás. Se hai a máis mínima posibilidade de que isto sexa así (incorporación na LOMLOE, modificación do EBEP para que as titulacións de acceso á docencia se regulen especificamente mediante normas específicas...)



Aclaracións á dobre convocatoria.

A consellaría aclara que a xente xa matriculada verá actualizados os seus méritos de cara ás oposicións tendo como data a nova convocatoria, sen ter o persoal opositor que volveuse a matricular.

Oferta de emprego

especialidade	prof. interino 20/21	prof. interino 19/20	prazas oposicións 2020	nova oferta 2021	Prazas totais	acceso con titulación FP
591201-Cociña e pastelería	23	25	18	8	26	x
591202-Equipos electrónicos	47	40	28	14	42	
591203-Estética	24	19	14	10	24	x
591204-Fabricación e instalación de carpintería e moble	25	17	13	12	25	x
591205-Instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluídos	17	14	10	6	16	
591206-Instalacións electrotécnicas	29	20	8	16	24	
591208-Laboratorio	20	16	8	4	12	
591209-Mantemento de vehículos	54	37	20	30	50	x
591210-Máquinas, servizos e produción	7	9	4	1	5	
591211-Mecanizado e mantemento de máquinas	19	17	8	10	18	x
591214-Operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios	24	20	12	8	20	
591216-Operacións de produción agraria	19	17	8	8	16	
591217-Patronaxe e confección	20	19	13	5	18	x
591218-Peiteado	20	14	7	16	23	x
591219-Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico	20	12	8	8	16	
591220-Procedementos sanitarios e asistenciais	38	28	20	12	32	
591221-Procesos comerciais	37	24	12	12	24	
591222-Procesos de xestión administrativa	67	49	28	20	48	
591223-Produción de artes gráficas	19	19	14	2	16	x
591225-Servizos á comunidade	69	36	26	7	33	
591226-Servizos de restauración	16	16	10	7	17	x
591227-Sistemas e aplicacións informáticas	63	49	38	17	55	
591228-Soldadura	21	20	16	4	20	x
591229-Técnicas e procedementos de imaxe e son	29	27	20	3	23	
	727	564	363	240	603	

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal